



# AULAS DE ACUICULTURA

CADERNOS DE TRABAJO



**CULTIVO DA  
OSTRA PLANA**




# CULTIVO DA OSTRA PLANA

A ostra é un molusco bivalvo que vive xeralmente en estuarios, baías e enseadas de augas claras e correntes débiles que permiten a fixación das larvas. É moi cotizada e consúmese principalmente en fresco e en cru.

Na actualidade a produción de ostra plana en España é case toda de cultivo de batea, xa quedan moi poucos parques naturais, sendo Galicia a de maior produción.

Nas nosas rías, noutros tempos foi moi abundante, mais unha explotación irracional esgotou os nosos bancos naturais.



Na década dos 60, e concretamente na ría de Arousa, iniciouse o cultivo de ostra plana en bateas exactamente iguais cás dos mexillóns.



# CULTIVO EN GALICIA

## SEMENTE

A semente necesaria para comeza-lo cultivo procede na súa maior parte da importación. Tamén se pode obter colocando colectores (xeralmente tellas encaladas) na auga no momento da fixación natural da ostra ou ben a partir das unidades de posta inducida (hatcheries) con proxenitores instalados en tanques.



Cando as ostras acadan un tamaño de 1 ou 2 cms. (ós 8-10 meses) afástanse dos colectores e trasládanse ós parques ou bateas para o seu engorde.


## ENGORDE

O cultivo das ostras en Galicia faise principalmente en bateas, ben pegándoas directamente á corda con cemento ou ben colocándoas en cestiños que logo pendurarán das bateas.



O engorde das ostras tamén se pode facer sobre o fondo en parques preparados, ou en bandexas ou gaiolas separadas do chan.





## SEMENTEIRA E SEGUIMENTO DUN CULTIVO DE OSTRA

O cremento da ostra plana en batea é moi rápido, aínda que a taxa de crecemento está condicionada directamente por factores ambientais, como son a temperatura e a dispoñibilidade do alimento.

As nosas rías teñen as condicións idóneas para que as ostras acaden o tamaño comercial, de 8-10 cms., ó cabo de 24 a 30 meses, mentres noutros países europeos tardan máis de catro anos en chegar a este tamaño.

## SEMENTEIRA

Antes de comezarmos coa sementeira debemos tomar datos do tamaño e peso, así como do número de unidades que imos sementar. Tanto en cestiños coma en bandexas faise do mesmo xeito.

Destribuímo-la semente nos cestiños de xeito que non vaia moi amontoada. A concentración da semente variará en función do tempo que tardemos en face-lo próximo desdoblamento. Canto máis tardemos, menor debe ser esta concentración.

Tódalas ostras de cada cestiño deben ser de tamaño parecido, o que se consegue peneirándoas previamente.

Os cestiños amoréanse uns enriba dos outros, pasando a corda polo centro para unilos. Unha vez atados lévanse á batea onde van ser colgados pola mesma corda que os une.





## DESDOBRAMENTO

Para favorece-lo cremento debemos evitar que as ostras se estorben entre si, o que conseguimos facendo unha serie de desdobrementos ó longo do ano. As ostras dun cestiño poderémolas repartir polo menos en dous ou máis.

Tamén deberemos tomar datos das ostras; para iso, no noso caso, colleremos ó chou uns 600 individuos, repartidos a partes iguais de cada cestiño. O mesmo faremos no caso das bandexas.

Cantos máis individuos utilicemos, máis correctos serán os datos obtidos.

Anotarémo-lo peso, a lonxitude, o largo e o espesor de cada individuo, para o que usaremos unha balanza e un calibre.

Os datos obtidos poderémolos estender á totalidade do cultivo.

Aproveitaremos esta mostraxe para face-la limpeza das algas e outras impurezas que atopemos nas paredes do cestiño ou da bandexa.

Deberemos facer un mínimo de 4 mostraxes anuais (unha cada trimestre aproximadamente). Cantas máis fagamos, máis completo será o seguimento da evolución do crecemento do cultivo.

# CONCLUSIÓNS

Os datos obtidos na mostraxe son representativos do total do parque.

Nº individuos totais: mutiplican ó nº de invidiuos de cada bandexa ou cestiño polo nº total de bandexas ou cestiños.

Tamaño medio das ostras do parque: coincide coa talla media calculada.

Peso medio: coincide co peso medio calculado.

En cada mostraxe debemos retira-los individuos que morreron. Podemos tomar datos destes para coñece-lo índice de mortandade.

DENOMINACIÓN DO PARQUE: (1)

.....  
.....  
.....  
.....

DATA DA SEMENTEIRA: .....

ESPECIE: .....

Orixe da semente: .....

Nº TOTAL DE INDIVIDUOS: .....

Nº individuos por bandexa ou cestiño: .....

Nº de bandexas: ..... ou nº de cestiños por corda: .....

Nº de cordas: .....

PESO DE SEMENTE: .....

TAMAÑO MEDIO: .....

(1) No caso dunha batea:

Nome do titular: .....

Nome da batea: .....

Polígono: .....

Cuadrícula: .....



